

ORDE DO **DD** DE DECEMBRO DE 2021, POLA QUE SE MODIFICAN DETERMINADAS ORDES NO ÁMBITO TRIBUTARIO

O Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia aprobou a imaxe corporativa institucional do Goberno e do sector público autonómico de Galicia.

O artigo 2 deste Decreto establece que a Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia axustaranse ao previsto nesta norma no concernente:

a) Á elaboración e emisión de documentos, modelos normalizados e material impreso.

b) Ás informacións, publicacións, comunicacións ou calquera expresión en todo tipo de soportes, incluídos os medios electrónicos e/ou dixitais e audiovisuais, así como os carteis ou as sinalizacións que elaboren ou utilicen.

Esta nova imaxe corporativa esixe a adaptación dos modelos das declaracións e autoliquidacións das taxas e dos prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, dos modelos da liquidación de multas e sancións da Comunidade Autónoma de Galicia e das correspondentes cartas de pagamento.

Os modelos de taxas e prezos foron aprobados por sendas ordes da consellería competente en materia de facenda, en base á disposición adicional do Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia: a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pago das taxas por servizos administrativos de compulsa de documentos e de verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación e a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 29 de xuño de 1994 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

As modificacións sinaladas fan necesaria polo tanto, a modificación dos modelos contidos nos anexos I, II e IV da Orde do 30 de xuño de 1992 e no anexo III da Orde do 29 de xuño de 1994.

Por outra banda, aprovéitase a ocasión para racionalizar os modelos de ingreso das taxas e dos prezos, de xeito que se unifican no modelo A os impresos de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia, eliminando o modelo T, modelo que se emprega para o ingreso da recadación derivada dos efectos timbrados. Ademais contémpanse as variantes electrónicas do modelo A; por un lado, o modelo AI, que será o propio modelo A cando é descargado da Oficina Virtual Tributaria (OVT); por outro lado, os modelos 731 e 739, que son, respectivamente, o modelo A cando se confecciona na OVT para realizar o pagamento ante a entidade financeira colaboradora e a carta de pagamento xerada polo proceso electrónico de tramitación do suposto de feito gravado para realizar o pagamento electrónico dun



xeito presencial ante a entidade financeira colaboradora; e, por último, o modelo 730, que é o xustificante de pagamento xerado unha vez realizado o pagamento electrónico. Os modelos AI, 731, 739 e 730 poderán ser empregados tanto para o pagamento de taxas como para o pagamento de prezos.

Por último, o tempo transcorrido dende a aprobación destas ordes e a promulgación de normas xerais de recadación aplicables a tódolos ingresos recadados pola Atriga, especialmente a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 21 de xuño de 2006, pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras, fixeron que determinados artigos da Orde do 29 de xuño de 1994 caeran en desuso, motivo polo que se eliminan.

O modelo de liquidación de multas e sancións foi aprobado por Orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria e executiva das multas e sancións, en uso das competencias conferidas polo artigo 7 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e consonte coa autorización contida na disposición derradeira primeira do decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona. Cómpre, polo tanto, modificar o Anexo I desta orde e contemplar as distintas modalidades de cartas de pagamento existentes así como o xustificante de pagamento que se obtén da OVT no pagamento electrónico.

A Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consejo, do 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, modificou a base imponible dos impostos de sucesións e doazóns (ISD) e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD), substituíndo o valor real por valor, concepto que se equipara ao valor de mercado. Ademais, en aras da seguridade xurídica, para o caso dos bens inmoables, establécese que a base imponible é o valor de referencia previsto na normativa catastral. Sendo isto así, para a comprobación da cuantificación da base imponible nos casos nos que exista o valor de referencia non procederá realizar un procedemento de comprobación de valores senón que a dita comprobación será unha actuación máis, no seo dun dos procedementos de xestión ou inspección tributaria, o que vai supoñer unha modificación no funcionamento actual da administración tributaria.

O artigo 31 do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto, establece que as delegacións da Axencia, dentro do ámbito territorial delimitado por orde da consellería competente en materia de facenda, contarán, para o cumprimento das súas funcións, con, entre outras unidades, o Departamento de Información e Asistencia e o Departamento de Xestión



Tributaria, que exercerán as funcións de xestión tributaria previstas no artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, que se lles atribúan mediante orde da consellería competente en materia de facenda. En base á habilitación prevista na disposición derradeira terceira do devandito decreto, a Orde da Consellería de Facenda do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia atribúe as funcións de xestión tributaria aos Departamentos de Información e Asistencia e de Xestión Tributaria das Delegación territoriais da Atriga no ámbito material do ISD e do ITP-AXD.

Cómpre neste intre modificar a referida orde como consecuencia da entrada en vigor das disposicións comentadas máis arriba da Lei 11/2021, do 9 de xullo, xa que é necesario acometer unha modificación organizativa de funcións no ámbito das competencias de xestión tributaria entre os Departamentos de Xestión Tributaria e de Información e Asistencia para conseguir unha maior eficiencia no desenvolvemento das actuacións de control e comprobación da administración tributaria galega.

Por outra banda, cómpre modificar a citada Orde do 20 de decembro de 2012, co obxecto de clarear a distribución de funcións no ámbito das competencias de xestión tributaria entre os Departamentos de Xestión Tributaria e de Información e Asistencia polo que respecta, por unha banda, á comprobación da aplicación de beneficios fiscais de aplicación *ex lege* e, pola outra, ao recoñecemento de beneficios fiscais de carácter rogado e máis a súa comprobación.

Por todo isto, consonte co exposto, e no uso das facultades conferidas pola disposición adicional do Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo artigo 7 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro e a disposición derradeira primeira do decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona, e pola disposición derradeira terceira do Decreto 202/2012 e o artigo 31 do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo Primeiro.- Modificación da orde da Consellería de Economía e Facenda do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pagamento das taxas por servizos administrativos de compulsa de documentos e de verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación

Modifícase a orde da Consellería de Economía e Facenda do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de



Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pagamento das taxas por servizos administrativos de compulsa de documentos e de verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación, do xeito especificado a seguir:

Un.- Modifícase a redacción do artigo 3, que queda redactado como segue:

"Artigo 3.- Apróbase o modelo de impreso que figura no anexo I para ser empregado polos obrigados tributarios das taxas para as que o artigo 12 do Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia estableza o procedemento de autoliquidación. O dito modelo constará dun exemplar para o interesado, outro para a entidade financeira e un terceiro para a administración.

O impreso de autoliquidación será facilitado polos suxeitos activos da correspondente taxa, que informarán ao solicitante sobre os números que debe consignar nos espazos reservados aos códigos da consellería, delegación e servizo e clave da taxa, conforme ás relacións que figuran como anexo V e VI da presente orde.

Este modelo poderá así mesmo descargarse mediante a aplicación informática que a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) poña á disposición dos obrigados tributarios na Oficina Virtual Tributaria (OVT) en cuxo caso se axustará ao modelo de impreso que figura no Anexo IV.

Serán válidas igualmente as autoliquidacións que sexan confeccionadas para o pagamento mediante a utilización das aplicacións informáticas que a Atriga poña á disposición dos obrigados tributarios na OVT e que se axustarán ao modelo de impreso que figura no anexo VIII.

Cando o pagamento da taxa estea integrado no proceso electrónico de tramitación do suposto de feito gravado por ela, os usuarios que desexen facer o pagamento electrónico de xeito presencial ante as entidades financeiras colaboradoras na recadación, empregarán para isto o modelo 739, que se axustará ao modelo aprobado no anexo IX.

Os impresos en papel debidamente validados pola entidade financeira servirán como xustificante de pagamento da taxa correspondente. Cando o pagamento se realice de xeito electrónico será xustificante de pagamento o modelo 730, que se configurará pola aplicación informática que a Atriga dispoña na OVT consonte co modelo que figura no Anexo X.

As entidades financeiras autorizadas para a recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, que subscriban o convenio de colaboración na xestión da renovación de licencias de caza e pesca, poderán solicitar autorización para o emprego dun xustificante do pago da taxa, que substituirá ao modelo de autoliquidación."

Dous.- Modifícase a redacción do apartado 4 do artigo 4, que queda redactado como segue:

"4. Ademais, no caso da tarifa 08 contida no Anexo 2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, os



suxeitos pasivos presentarán ante o servizo xestor da mesma e xunto á autoliquidación, o modelo que figura como anexo II da presente orde. Para estes efectos, o modelo **estará dispoñible na sede electrónica** en formato dixital para ser cuberto e descargado electronicamente polo obrigado tributario.”

Tres.- Modifícase a Disposición Adicional da orde, que queda redactada como segue:

”Disposición Adicional

No ámbito das súas competencias autorízase á persoa titular da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, á persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e á persoa titular á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación da presente orde.

Así, mesmo autorízase á persoa titular da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia a actualizar os anexos desta orde.”

Catro.- Modifícase o anexo I da orde substituíndo o modelo de autoliquidación polo modelo que aparece no anexo I desta orde.

Cinco.- Modifícase o Anexo II da orde substituíndoo polo contido que aparece no anexo II desta orde.

Seis.- Modifícase o anexo IV da orde substituíndoo polo contido que aparece no anexo III desta orde.

Sete.- Engádense o anexos VIII, IX e X consonte co contido que aparece, respectivamente, nos anexos IV, V e VI desta orde.

Artigo Segundo.- Modificación da orde da Consellería de Economía e Facenda do 29 de xuño de 1994 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase a orde da Consellería de Economía e Facenda do 29 de xuño de 1994, pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, do xeito especificado a seguir:

Un.- Elimínase o artigo 2 da orde citada.

Dous.- Modifícase a redacción do artigo 7, que queda redactado como segue:

”Artigo 7.- O modelo de impreso ao que se refiren os artigos 5 e 6 poderá así mesmo descargarse mediante a aplicación informática que a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) poña á disposición dos obrigados tributarios na Oficina Virtual Tributaria (OVT) en cuxo caso se axustará ao modelo de impreso que figura no Anexo IV da orde do 30 de xuño de 1992 pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pago das taxas por servizos administrativos de compulsa de documentos e de verificación de poderes e documentos acreditativos de lexitimación.

Serán válidos igualmente os impresos que sexan confeccionados para o pagamento mediante a utilización das aplicacións informáticas que a Atriga poña á disposición



dos obrigados ao pagamento na OVT e que se axustarán ao modelo de impreso que figura no anexo VIII da orde do 30 de xuño de 1992 citada.

Cando o pagamento do prezo estea integrado no proceso electrónico de tramitación do suposto de feito gravado por el, os usuarios que desexen facer o pagamento electrónico de xeito presencial ante as entidades financeiras colaboradoras na recadación, empregarán para isto o modelo 739, que se axustará ao modelo aprobado no anexo IX da orde do 30 de xuño de 1992 citada.

Os impresos en papel debidamente validados pola entidade financeira servirán como xustificante de pagamento do prezo correspondente. Cando o pagamento se realice de xeito electrónico será xustificante de pagamento o modelo 730, que se configurará pola aplicación informática que a Atriga dispoña na OVT consonte co modelo que figura no Anexo X da orde do 30 de xuño de 1992 citada.”

Tres.- Elimínanse os artigos 8 e 10 da orde citada.

Catro.- Modifícase a Disposición Adicional Terceira da orde, que queda redactada como segue:

”Disposición adicional terceira.

Autorízase á persoa titular da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia a actualizar os anexos desta orde.”

Cinco.- Modifícase o anexo III da orde substituíndo o modelo de liquidación de prezos polo modelo que aparece no anexo VII desta orde.

Seis.- Elimínanse os anexos IV, V e VI da orde.

Artigo Terceiro.- Modificación da orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria e executiva das multas e sancións

Modifícase a orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria e executiva das multas e sancións, do xeito especificado a seguir:

Un.- Modifícase a redacción do artigo primeiro, que queda redactado como segue:

”Primeiro. Do procedemento de recadación en período voluntario.

1. O procedemento aquí definido será de aplicación ás multas e sancións impostas pola administración da Xunta de Galicia e polos organismos autónomos e entes públicos que non teñan atribuída a xestión dos correspondentes recursos.

2. As multas e sancións impostas polos órganos administrativos da Comunidade Autónoma que teñan atribuída a potestade sancionadora polo ordenamento xurídico serán notificadas conforme ao previsto no citado ordenamento aos interesados.

3. Os órganos sancionadores notificarán xunto coa resolución sancionadora o documento de ingreso, segundo os modelos que figuran como anexo I a esta orde. O documento constará de tres exemplares, un primeiro para o interesado, outro para a entidade financeira e un terceiro para o órgano sancionador, que quedará en poder deste como antecedente do documento de ingreso expedido.



4. Os documentos de ingreso serán confeccionados por esta consellería para cada un dos órganos sancionadores. Os órganos sancionadores obterán os documentos de ingreso a través das aplicacións informáticas que a Atriga habilite para isto. A cada órgano sancionador, previa solicitude por parte del, asignaráselle un código de ingreso que permitirá a súa identificación a nivel de consellería, servizo e ámbito territorial.

5. O ingreso terá que realizarse naquelas entidades colaboradoras consignadas no propio documento de ingreso. Os impresos en papel debidamente validados pola entidade financeira servirán como xustificante de pagamento da multa ou sanción correspondente. Cando o pagamento se realice de xeito electrónico será xustificante de pagamento o modelo 730, que se configurará pola aplicación informática que a Atriga dispoña na OVT consonte co modelo que figura no Anexo III desta orde.

6. Os órganos sancionadores poderán obter da aplicación informática a información sobre a recadación das multas e sancións impostas por eles e recadadas en período voluntario.

Dous.- Engádese unha disposición adicional á orde, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional terceira.

Autorízase á persoa titular da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia a actualizar os anexos desta orde.”

Tres.- Modifícase o anexo I da orde, substituíndo o modelo de ingreso de multas e sancións polos modelos que aparecen no anexo VIII desta orde.

Catro.- Engádese o anexo III á orde, co contido que figura no anexo IX desta orde.

Artigo Cuarto.- Modificación da orde da Consellería de Facenda do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia

Modifícase a orde da Consellería de Facenda do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia, do xeito especificado a seguir:

Un.- Modifícase a redacción da letra A) do apartado 1 do artigo 5 da orde, que queda redactada como segue:

“A) Departamento de Información e Asistencia, que exercerá as seguintes funcións:

a) A recepción, mecanización, de ser o caso, e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria

b) A realización de actuacións de control do cumprimento da obriga de presentar declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos tributarios e do cumprimento das obrigas formais.

c) A práctica de requirimentos no ámbito das súas funcións.



- d) A realización de actuacións de verificación de datos.
- e) A realización de actuacións de comprobación de valores polos medios de valoración recollidos nas letras b), c), f) e g) do punto 1 do artigo 57 da Lei xeral tributaria.
- f) A realización de actuacións de verificación de datos e/ou comprobación limitada cando o obxecto do procedemento sexa exclusivamente a cuantificación da base imponible correspondente ao valor de referencia para os bens inmoables, consonte coa normativa catastral.
- g) O recoñecemento dos beneficios fiscais de carácter rogado determinados por resolución da persoa que ocupe a Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, mediante o procedemento previsto nos artigos 136 e 137 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, incluíndo a comprobación dos requisitos para a súa aplicación xa fora con carácter previo á concesión do dereito á aplicación do beneficio fiscal ou con posterioridade a ela e sen prexuízo das actuacións de comprobación que puideran desenvolver outros órganos de xestión ou de inspección tributaria.
- h) A realización das actuacións dos procedementos de xestión tributaria no ámbito material do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, pola transmisión de determinados medios de transporte usados entre particulares, incluída a comprobación da aplicación de beneficios fiscais, xa foran de carácter rogado ou non.
- i) A práctica de liquidacións tributarias derivadas das actuacións de verificación e comprobación realizadas.
- j) As funcións de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, sen prexuízo das funcións que, de conformidade co disposto nas normas legais, regulamentarias e de organización, deban entenderse atribuídas a outros entes, órganos ou unidades.
- k) A subministración de etiquetas e de números ou códigos de identificación para os efectos fiscais.
- l) A emisión de certificados tributarios, no ámbito das súas competencias.
- m) A elaboración e mantemento dos censos tributarios.
- n) A información e asistencia tributaria.
- o) As demais que lle encomende ou lle delegue a persoa titular da delegación."

Dous.- Modifícanse as letras b) e g) da letra B) do apartado 1 do artigo 5 da orde, que quedan redactadas como segue:

"b) O recoñecemento dos beneficios fiscais de carácter rogado, mediante o procedemento previsto nos artigos 136 e 137 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado polo Real



decreto 1065/2007, do 27 de xullo, incluíndo a comprobación dos requisitos para a súa aplicación xa fora con carácter previo á concesión do dereito á aplicación do beneficio fiscal ou con posterioridade a ela e sen prexuízo das actuacións de comprobación que puideran desenvolver outros órganos de xestión ou de inspección tributaria.”

”g) A práctica de liquidacións tributarias derivadas das actuacións de verificación e comprobación realizadas.”

DISPOSICIÓN TRANSITORIA UNICA

Os modelos de declaracións, autoliquidacións, liquidacións e documentos de ingreso que son substituídos por esta orde, seguirán tendo vixencia para o cumprimento das obrigas de declaración e pagamento de taxas e prezos, de multas e sancións, cando se trate de modelos en papel, ata o seu esgotamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA UNICA

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela



"ANEXO I. MODELO DE AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

 Axencia Tributaria de Galicia		TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Lai 6/2003, do 9 de decembro Decreto 61/2005, do 7 de abril AUTOLIQUIDACIÓN	Modelo A EUROS
---	---	--	--

CÓDIGOS	Consellería de	Código:	□ □
	Delegación de	Código:	□ □
	Servizo de	Código:	□ □
	Taxa: denominación:		
		Código:	□ □ □ □ □ □

SUJEITO PASIVO	NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL				
	VÍA PÚBLICA	NÚMERO	ESCAL.	ANDAR	PORTA	TELÉFONO
						□ □ □ □ □ □ □ □ □ □
	CONCELLO	PROVINCIA			CÓDIGO POSTAL	
					□ □ □ □ □ □ □ □ □ □	

	BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR
LIQUIDACIÓN		€	TOTAL

_____ a _____ de _____ de 20____

Assinatura do declarante ou representante legal

Solo	Data	Número
------	------	--------

IMPORTANTE O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación



ANEXO II

"ANEXO II. DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA. INSPECCIÓN E CONTROL SANITARIO OFICIAL DE CARNES FRESCAS E CARNES DE COELLO E CAZA. TAXAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



INSPECCIÓN E CONTROL SANITARIO OFICIAL DE CARNES FRESCAS E CARNES DE COELLO E CAZA • DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA				páx. 1 de 2
PERÍODO	Trimestre	ANO	Nº Autoliquidación á que corresponde esta declaración	A -
Recoñecemento do beneficio fiscal rogado				Nº
				Data

1. IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

Nome ou razón social	NIF
Domicilio	Código Postal
Concello	Provincia

2. CÁLCULO DA TAXA

2.1 SACRIFICIO DE ANIMAIS				
	Especie	Unidades	Tipo de gravame (€/ animal)	Cota tributaria
Carne de vacún	Vacúns pesados (máis de 218 kg/canal)			
	Vacúns novos (de 218 kg/canal ou menos)			
Solípedos - équidos				
Carne de porcino	Animais de 25 ou máis kg de peso por canal			
	Animais de menos de 25 kg de peso por canal			
Carne de ovino, caprino e outros ruminantes	Animais de 12 kg ou máis de peso por canal			
	Animais de menos de 12 kg de peso por canal			
Subtotal a				
Carne de aves e coellos	Ratites			
	Aves do xénero Gallus e pintadas			
	Patos e ocas			
	Pavos			
	Coello de granxa			
Subtotal b				
Total sacrificio de animais (a+b)				01
2.1.1 DEDUCIÓNS				
- Deducións por sistemas de autocontrol avaliados: 35 ou 45% da cota (segundo proceda)				02A
- Deducións por actividade planificada e estable: 02.B.1 + 02.B.2 + 02.B.3 (a que proceda)				02B
- Sistema de planificación e programación: 15% da cota				02.B.1
- Horario laboral regular e diúrno: 15% de a				02.B.2
- Horario laboral regular e diúrno: 5% de b				02.B.2
- Horario regular da Administración: 20% de a				02.B.3
- Horario regular da Administración: 5% de b				02.B.3
- Deducións pola inspección ante-mortem na explotación: 10% da cota				02C
- Deducións pola aplicación de medidas de protección do benestar animal: 5% da cota				02D
- Dedución pola análise parasitolóxica de mostra para detección de triquina de matanzas domiciliarias:				02E
Total deducións (02A + 02B + 02C + 02D + 02E)				02
Total sacrificio de animais (01-02)				03

Exemplar para o Interesado

**INSPECCIÓN E CONTROL SANITARIO OFICIAL DE CARNES FRESCAS E
CARNES DE COELLO E CAZA • DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA**

páx. 2 de 2

2.2 OPERACIÓNS DE DESPEZAMENTO				
Especie	Tm.	Tipo de gravame (€/Tm)		Cota tributaria
Vacún, solípedos-équidos, porcino, ovino, caprino e outros ruminantes				
Aves e coellos de granxa				
Caza silvestre e de cría:				
- Caza menor de pluma e pelo				
- Ratites (avestruz, emú, ñandú)				
- Verróns e ruminantes				
Total operacións despezamento				04
2.2.1. DEDUCIÓNS				
- Deducións por sistemas de autocontrol implantados e avaliados: 50% da cota				05
Total operacións despezamento (04-05)				06
2.3 OPERACIÓNS NAS INSTALACIÓNS DE TRANSFORMACIÓ DE CAZA				
Especie	Unidades	Tipo de gravame (€/animal)		Cota tributaria
Caza menor de pluma				
Caza menor de pelo				
Ratites				
Subtotal c				
Mamíferos terrestres:				
- Verróns				
- Ruminantes				
Subtotal d				
Total operacións caza (c+d)				07
2.3.1. DEDUCIÓNS				
- Deducións por sistemas de autocontrol avaliados: 35% ou 45% da cota (segundo proceda)				08A
- Deducións por actividade planificada e estable: 08B.1 + 08B.2 + 08B.3 (a que proceda)				08B
- Sistema de planificación e programación: 15% da cota				08B.1
- Horario laboral regular e diúrno: 15% de d				08B.2
- Horario laboral regular e diúrno: 5% de c				08B.2
- Horario regular da Administración: 20% de d				08B.3
- Horario regular da Administración: 5% de c				08B.3
- Deducións pola Inspección ante-mortem na explotación: 10% da cota				08C
Total deducións (08A+08B+08C)				08
Total operacións caza (07-08)				09
2.4 ACTUACIÓNS EXTRAORDINARIAS DOS VETERINARIOS OFICIAIS DE GALICIA, POR DEMANDA DOS ESTABLECEMENTOS				
	Nº horas / trimestre	Tipo de gravame (€/hora)		Cota tributaria
Total actuacións extraordinarias				10
TOTAL COTA TRIBUTARIA (suma casillas 03+06+09+10)				11
A INGRESAR				



ANEXO III

"ANEXO IV. MODELO AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS DESCARGABLE NA OVT

EXEMPLAR PARA O INTERESADO

 Agencia Tributaria de Galicia		TAXAS e PREZOS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Lei 6/2003, do 9 de decembro Decreto 64/2005, do 7 de abril		Modelo AI EUROS	
AUTOLIQUIDACIÓN					
CÓDIGOS	Consellería de			Código:	
	Delegación de			Código:	
	Servizo de			Código:	
	Taxa/Prezo: denominación:			Código:	
SUXEITO PASIVO	NIF		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		
	VÍA PÚBLICA		NÚMERO	ESCAL.	ANDAR
	CONCELLO		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL
LIQUIDACIÓN	BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR		
		€	TOTAL 		
a _____ de _____ de 20 _____ Sinatura do declarante ou representante legal					
Selo _____ Data _____ Número _____					
IMPORTANTE O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación					



ANEXO IV

"ANEXO VIII. MODELO 731. TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

 Xacobeo 21-22	CARTA DE PAGO DE TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Nº Documento	MODELO 731
--	--	-----------------------------

EXEMPLAR PARA O INTERESADO

Obrigado ó pago ou suxeito pasivo

NIF Nome ou Razón Social

Representante

NIF Nome ou Razón Social

Datos del Pago

Total a ingresar

Lugar de pago

O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.

Normativa aplicable

Sinatura do suxeito pasivo ou representante

_____ de _____ de 20__

Certificación mecánica

Selo Data Número Importe

Este documento non será válido sen certificación mecánica ou, no seu defecto, sinatura autorizada.



"ANEXO IX. MODELO 739. TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

DOCUMENTO DE INGRESO TELEMÁTICO PRESENCIAL		TAXAS, PREZOS, MULTAS E SANCIONES TELEMÁTICAS OU CON NRC		 Xunta de Galicia		Modelo 739																																	
PAGADOR	Nº de Justificante:																																						
	NIF		Apellidos e Nome ou Razón Social																																				
							Teléfono																																
DECLARACIÓN																																							
	TOTAL A INGRESAR:																																						
TIPO DE INGRESO	☐ E.C. En Efectivo ☐ E.C. Cargo en Conta																																						
	CÓDIGO CONTA CLIENTE(CCC) <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 15%;">Entidade</th> <th style="width: 15%;">Ofc.</th> <th style="width: 70%;">Num. de Conta</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table> Importe:							Entidade	Ofc.	Num. de Conta																													
Entidade	Ofc.	Num. de Conta																																					
SINATRA	O pagador declara baixo a súa responsabilidade que, xunto co documento orixinal, presenta una copia simple que coincide en títulos seus termos cos daquel.																																						
	SINATURA DO PAGADOR _____ de _____ de _____																																						
INGRESO	Selo:		Data:		Número:		Importe:																																
	NRC:																																						

Páxina 16 de 22



ANEXO VI

"ANEXO X. MODELO 730. TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

 Áxencia Tributaria de Galicia		XUSTIFICANTE DE PAGO DE TAXAS, PREZOS, MULTAS E SANCIONÍS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA		730
Nº Operación		Nº Taxa		
Obrigado ó pago ou suxeito pasivo				
NIF		Nome ou Razón Social		
Enderezo				
Representante				
NIF		Nome ou Razón Social		
Enderezo				
Códigos				
Consellería				
Delegación				
Servizo				
Taxa				
Datos do pago				
Total a ingresar				
Obxecto do pago				
Normativa aplicable				
Ingreso				
Entidade:				
Data ingreso:		NRC:		
Selo				
A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección www.atriga.gal (Oficina Virtual Tributaria).				
Código seguro de verificación:				

Exemplar para o interesado



"ANEXO III. MODELO DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

EXEMPLAR PARA O INTERESADO

Agencia Tributaria
de Galicia

PREZOS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Lei 6/2003, do 9 de decembro
Decreto 61/2005, do 7 de abril

LIQUIDACIÓN

Modelo

L

EUROS

CÓDIGOS

Consellería de

Código:

Delegación de

Código:

Servizo de

Código:

Prezo: denominación:

Código:

OBRIGADO AO PAGAMENTO

NIF

APELLIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL

VÍA PÚBLICA

NÚMERO

ESCAL.

ANAR

PORTA

TELÉFONO

CONCELLO

PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

LIQUIDACIÓN

IMPORTE A INGRESAR

TOTAL

____ a ____ de ____
Sinatura do declarante ou representante legal

Selo

Data

Número

IMPORTANTE

O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades
financeiras colaboradoras na recadación



"ANEXO I. DOCUMENTO DE INGRESO DE MULTAS E SANCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.



ORGANISMO SANCIONADOR							CLAVE	
IDENTIFICACIÓN								
D.N.I./C.I.F.		APELLIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL / APELLIDOS Y NOMBRE O RAZÓN SOCIAL						
S.G.	VIA PUBLICA	NÚM.	ESC.	PRTA.	PISO	TELÉFONO		
MUNICIPIO		C.POSTAL		PROVINCIA				
ANO / ANO		NUMERO EXPEDIENTE						
INFRACCIÓN								
DATA / FECHA RESOLUCIÓN					IMPORTE			
PERIODO VOLUNTARIO DE PAGAMENTO / PERIODO VOLUNTARIO DE PAGO								
De conformidade co establecido no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: - No suposto de que antes da resolución do procedemento efectúe o pagamento da sanción proposta: aplicárase una redución do 20,00% da sanción proposta. - No suposto de que antes da resolución do procedemento efectúe o pagamento da sanción proposta e recoñeza a súa responsabilidade: aplicárase una redución do 40,00% da sanción proposta. Para indicar a opción elixida deberá marcar a casilla correspondente: ☒ [X] Pagamento antes da resolución (redución 20,00%) ☐ [] Pagamento antes da resolución e recoñecemento de responsabilidade (redución 40,00%) (Advertencia: De non optar por algunha das reducións citadas e unha vez ditiada a resolución do procedemento, abstérase de realizar o ingreso con este documento, pois non terá dereito a estas reducións) - O pagamento voluntario antes da resolución implicará a terminación do procedemento, agás no relativo, de ser o caso, á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. - A efectividade de calquera das citadas reducións, suporá a desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción. - No caso de que efectúe o pagamento con calquera destas reducións, deberá comunicalo ó organismo sancionador correspondente no prazo de 15 días.								
TOTAL A INGRESAR					€			

Signature

TALÓN DE CARGO			
Selo e sinatura	Clave entidad	Data	Importe
Sello y firma	Clave entidad	Fecha	Importe

A Ingresar en:
- ABANCA
- BBVA
- SANTANDER
- <https://lovt.atrapsa.es/>

Exemplar para o Interessado
Eiemplar para el Interesado



Axencia Tributaria
de Galicia



MULTAS E SANCIONS MULTAS Y SANCIONES

ORGANISMO SANCIONADOR						CLAVE	
IDENTIFICACIÓN							
D.N.I./C.I.F.		APELLIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL / APELLIDOS Y NOMBRE O RAZÓN SOCIAL					
S.G.	VÍA PÚBLICA	NUM.	ESC.	PRTA.	PISO	TELÉFONO	
MUNICIPIO		C.POSTAL		PROVINCIA			
ANO / ANO		NUMERO EXPEDIENTE					
INFRACCIÓN							
DATA / FECHA RESOLUCIÓN				IMPORTE			
€							
PERIODO VOLUNTARIO DE PAGAMENTO / PERIODO VOLUNTARIO DE PAGO							
De conformidade co establecido no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: - No suposto de que antes da resolución do procedemento efectúe o pagamento da sanción proposta: aplicarase una redución do 20,00% da sanción proposta. - No suposto de que antes da resolución do procedemento efectúe o pagamento da sanción proposta e recoñeza a súa responsabilidade: aplicarase una redución do 40,00% da sanción proposta. Para indicar a opción elixida deberá marcar a casilla correspondente: ☒ Pagamento antes da resolución (redución 20,00%) ☐ Pagamento antes da resolución e recoñecemento de responsabilidade (redución 40,00%) (Advertencia: De non optar por algunha das reducións citadas e unha vez ditiada a resolución do procedemento, abstérase de realizar o ingreso con este documento, pois non terá dereito a estas reducións) - O pagamento voluntario antes da resolución implicará a terminación do procedemento, agás no relativo, de ser o caso, á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. - A efectividade de calquera das citadas reducións, suporá a desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción. - No caso de que efectúe o pagamento con calquera destas reducións, deberá comunicalo ó organismo sancionador correspondente, no prazo de 15 días.							
TOTAL A INGRESAR						€	

Sinatura

TALÓN DE CARGO

Selo e sinatura
Sello y firma

Clave entidade
Clave entidad

Data
Fecha

Importe
Importe

A ingresar en:

- ABANCA
- BBVA
- SANTANDER
- <https://ovt.atriga.gal>

Exemplar para o interesado
Ejemplar para el interesado



Axencia Tributaria
de Galicia



MULTAS E SANCIONÉS MULTAS Y SANCIONES

ORGANISMO SANCIONADOR						CLAVE	
IDENTIFICACIÓN							
D.N.I./C.I.F.		APELLIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL / APELLIDOS Y NOMBRE O RAZÓN SOCIAL					
S.G.	VIA PÚBLICA	NUM.	ESC.	PRTA.	PISO	TELÉFONO	
MUNICIPIO		C.POSTAL		PROVINCIA			
ANO / ANO		NUMERO EXPEDIENTE					
INFRACCIÓN							
DATA / FECHA RESOLUCIÓN				IMPORTE			
€							
PERIODO VOLUNTARIO DE PAGAMENTO / PERIODO VOLUNTARIO DE PAGO							
De conformidade co establecido no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: - No suposto de que antes da resolución do procedemento efectúe o pagamento da sanción proposta: aplicarase una redución do 20,00% da sanción proposta. - No suposto de que antes da resolución do procedemento efectúe o pagamento da sanción proposta e recoñeza a súa responsabilidade: aplicarase una redución do 40,00% da sanción proposta. Para indicar a opción elixida deberá marcar a casilla correspondente: ☒ Pagamento antes da resolución (redución 20,00%) ☐ Pagamento antes da resolución e recoñecemento de responsabilidade (redución 40,00%) (Advertencia: De non optar por algunha das reducións citadas e unha vez dilada a resolución do procedemento, abstérase de realizar o ingreso con este documento, pois non terá dereito a estas reducións) - O pagamento voluntario antes da resolución implicará a terminación do procedemento, agás no relativo, de ser o caso, á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. - A efectividade de calquera das citadas reducións, suporá a desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción. - No caso de que efectúe o pagamento con calquera destas reducións, deberá comunicalo ó organismo sancionador correspondente, no prazo de 15 días.							
TOTAL A INGRESAR						€	

Sinatura

TALÓN DE CARGO

Selo e sinatura
Sello y firma

Clave entidade
Clave entidad

Data
Fecha

Importe
Importe

A Ingresar en:
- ABANCA
- BBVA
- SANTANDER
- <https://ovt.atriga.gal>

Exemplar para o Interesado
Ejemplar para el Interesado



ANEXO IX

"ANEXO III. MODELO 730. MULTAS E SANCIONÍS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

 Axencia Tributaria de Galicia		XUSTIFICANTE DE PAGO DE TAXAS, PREZOS, MULTAS E SANCIONÍS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA		730
		Nº Operación	Código ingreso	
Obrigado ó pago ou suxeito pasivo				
NIF		Nome ou Razón Social		
Enderezo				
Representante				
NIF		Nome ou Razón Social		
Enderezo				
Códigos				
Consellería				
Delegación				
Servizo				
Tasa				
Datos do pago				
IMPORTE:				
Obxecto do pago				
Número de expediente:				
Infracción:				
Ingreso				
Entidade:				
Data ingreso:		NRC:		
Selo				
A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección www.atriga.gal (Oficina Virtual Tributaria).				
Código seguro de verificación:				

Exemplar para o interesado